

XXIII Feira histórica ARTEIXO 1900



A VIDA NOS PAZOS

18 · 19 · 20 OUTUBRO 2024


ORGANIZA:

Arteixo / Cultura

COLABORAN:



XXIII Feira histórica ARTEIXO 1900



COLABORAN:

Concellaría de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación · Concellaría de Maiores, Actividades Sociais e Participación Cidadá · Servizos de Seguridade Cidadá · AC Faíscas · AC Lisístrata · AC Palilleiras e Punto de Arteixo · AC Triskell AC Tropicalia · ASC Mariana de Arteixo · Asociación de Pensionistas e Xubilados de Arteixo AVRC Fontesvellas de Lañas · AVV Alto de Arteixo · AVV Pedra da Salsa de Barrañán AVV Ría de Rañobre · AVV San Esteban de Larín · AVV Santa Loicaia de Loureda · AVV Sto. Tomás de Monteagudo · AX Xiradela · Banda de Música Santiago de Arteixo · Orfeón de Arteixo · Club Xadrez Arteixo · Escola de Teatro Melandrainas · Xabier Maceiras

PUNTO VIOLETA

"Por unha feira libre de violencia sexista".

Venres e sábado das 23:30 ás 2:30 h na Praza do Balneario

NOTA ACLARATORIA

No caso de choiva, algunhas das actividades poderían trasladarse de ubicación.

+ INFO SM de Cultura | Centro Cívico Cultural de Arteixo "Manuel Murguía".
Paseo Fluvial s/n | 981 659 100 | cultura@arteixo.org | www.arteixo.org

A VIDA NOS PAZOS

FONTE: Crónicas de Arteixo de Xabier Maceiras

Misteriosos, románticos, evocadores...os pazos representan un dos nosos sinais de identidade e foron, durante séculos, residencia de nobres e fidalgos de gran poder económico.

Estes edificios eran o principal foco de riqueza e constituían unha especie de unidades de xestión local, arredor dos cales, transcorría a vida da xente.

Ao pazo asociábaselle unha rede social: a dos serventes do fidalgo e dos tributarios de foros (cesión das terras aos campesiños a cambio de recibir rendas), que en moitos casos chegaban a vivir no mesmo recinto.

A preeminencia destas casas señoriais sobre a sociedade rural galega descansaba non só na propia edificación senlleira, senón nun considerable conxunto de terras de labranza nos seus arredores.

Erguidas sempre en zonas de microclima benigno e de solos fértiles, estas construcións eran habitualmente de planta rectangular ou cadrada levantadas sobre grandes perpiños de pedra que os protexían da constante humidade galega. Este espazo singular tiña varios elementos característicos: a capela, onde se reunían para o culto relixioso tanto os señores como o servizo doméstico e os xornaleiros da propiedade; o pombal e o ciprés, árbore asimilada á hospitalidade. "**Capela, pombal e ciprés, pazo é**", sinala o dito popular. Pero era moi común que as casas señoriais galegas tamén tivesen hórreo, cruceiro e, por suposto, un bo predio con xardín e fontes, e mesmo animais si eran de carácter agrícola e gandeiro.

Co tempo, estes edificios foron converténdose na marca social e refuxio da decrecente clase fidalga, decadencia motivada en gran parte pola suspensión dos foros e dos seus privilexios e xurdida, tamén, a raíz do éxodo dos campesiños ás cidades.

Grandes autores da nosa literatura inspiráronse nos pazos galegos para ambientar as súas obras. Ese foi o caso de Emilia Pardo Bazán, propietaria inicial do Pazo de Meirás, lugar onde escribiu Los Pazos de Ulloa en 1886; de Valle-Inclán, que tamén retratou a vida dos pazos na súa triloxía das guerras carlistas Comedias Bárbaras, encabezada por Los Cruzados de la Causa; ou, entre outros, de Otero Pedrayo, autor de Os camiños da vida (1928), a gran novela galega dos pazos.

OS PAZOS DE ARTEIXO

No tomo dedicado á provincia da Coruña da Geografía General del Reino de Galicia publicada en 1928, Carré Aldao dinos que "(...) *Respecto a los*

abolidos señoríos tan sólo se conservan algunos restos de la fortaleza de Suevos y los pazos de Anzobre (Armentón), Oseiro, Figueiroa (Arteixo) y Atín (Loureda)".

Con relación ao de **Suevos**, só unha rúa, a do Pazo, deixa intuír que antano residía neste núcleo unha familia, os del Río, con capacidade para ter un casarío engaiolante, do que hoxe non queda practicamente nada. O de **Anzobre**, en Armentón, se cadra é o pazo máis coñecido deste municipio. Herdárao Manuel María Puga Parga 'Picadillo' logo do falecemento en 1899 de seu pai Luciano, o xurista de Curros Enríquez. Durante a súa curta vida, 'Picadillo' ía converter este pazo nun dos centros neuráxicos da cultura galega da época grazas ás frecuentes visitas de figuras da talla dos escritores Wenceslao Fernández Flórez e Emilia Pardo Bazán ou dos pintores Germán Taibo e Manuel Abelenda. O de **Oseiro**, situado ao carón da igrexa parroquial, mandáralo construír Constanza das Mariñas e, co transcorrer dos anos, ía pertencer aos Láncaa. O de **Figueiroa**, mesmo foi Casa do Concello a mediados do século XIX. E o de **Atín**, en Loureda, nobre e fermosa construción do XVII, ofrece unha inequívoca imaxe do pazo galego por antonomasia e actualmente utilízase para celebrar eventos.

Á parte dos citados por Carré Aldao, en Arteixo tamén existían outros pazos como o de **Mosende**, en Lañas, que aínda conserva un balcón de pedra e un patín que rememora os tempos de esplendor do edificio; o de **Villariza**, en Pastoriza, lugar onde o mariscal Porlier argallou o Pronunciamento de 1815 na Coruña a favor da Constitución; o de **Galán**, en Oseiro, onde a día de hoxe continuamos admirando o seu gran pombal; o de **Arixón**, de situación incerta hai quen o sitúa no lugar de Corteo, en Monteagudo; o das **Covadas**, en Sorrizo, antiga posesión dos Riobóo, Villardefrancos, Castro ou, entre outras estirpes, dos Figueroa; o do **Fidalgo**, no Igrexario de Sorrizo, onde destaca o pombal situado no muro de peche do recinto semellando unha torre; o de **Cortinas**, na Lagoa; o de **Gondreo**, tamén en Sorrizo, propiedade da familia Pombo que tivo longa descendencia en Colombia, caso do poeta Rafael Pombo, máximo representante do romanticismo no país cafeteiro; ou o de **Laxobre**, fundado en 1646 polos cregos Fernando e Pedro Romay y Junqueras. Este pazo tiña unha capela dedicada a Santa Lucía, de aí a orixe da devoción a esta santa en Arteixo... concello no que, como acabades de comprobar, abofé que houbo moita vida nos pazos!

VENRES • 18

- 17:00 h** Apertura do Mercado 1900 | *Paseo fluvial*
Comparsa infantil e xogos 1900 | *Paseo fluvial e Cúpula do parque*
- 17:30 h** Entretementos para a rapazada: bolos, corda e mariola coa AVV ALTO DE ARTEIXO | *Anfiteatro*
- 18:00 h** Charanga OS CAMPANTES DA BAÑA | *Recinto feiral*
- 18:30 h** "Jazz 1900", taller de baile infantil da AC TROPICALIA | *Anfiteatro*
- 19:45 h** Concerto do alumnado da Escola de Música ENTRESONS. CCA. | *Anfiteatro*
- 20:30 h** "Ceibe3", peza coreográfica que afonda na relación entre o xénero e o baile tradicional galego. FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA | *Auditorio do CCC de Arteixo Manuel Murguía*
- 22:30 h** Concerto con DE NINGHURES | *Praza do Balneario*
- 00:00 h** Concerto con FILLAS DE CASSANDRA: "Últimas Dionisiacas" | *Praza do Balneario*

SÁBADO • 19

- 10:00 h** Dianas da AC TRISKELL. CCA. | *Rúas de Arteixo*
- 11:00 h** Apertura do Mercado 1900 | *Paseo fluvial e Praza do Balneario*
- Todo o día** XII Encontro da AC PALILLEIRAS E PUNTO | *Paseo fluvial*
Xogos Populares. CCA. | *Avenida do Balneario*
- 11:00 h** Obradoiro para todas/os: "pousavazos e gardamanteis". CCA. | *Praza do Balneario*
- 11:30 h** Obradoiro infantil: "capela, pombal e ciprés" | *Paseo fluvial*
- 12:00 h** Campionato de brisca e tute das AAVV locais. CCA. | *Praza do Balneario*
- Recibimento na porta dos Señores do pazo ás autoridades, aos representantes da sociedade local e a ilustres personalidades (Picadillo) para a celebración do gran bautizo do herdeiro. GRUPO DE MAIORES DA BAIUCA e AC TRISKELL | *Entrada da porta principal do Paseo fluvial.*
- 12:05 h** "A vociferante da Baiuca". AC LISÍSTRATA | *Anfiteatro*

- 12:30 h** Concerto do ORFEÓN DE ARTEIXO e a sección XUVENIL DA BANDA DE MÚSICA SANTIAGO DE ARTEIXO | *Anfiteatro*
- 13:00 h** "Os labregos de fóra". Os aforados entregan os seus produtos aos moradores do pazo. AVV SANTA LOCAIA | *Hórreo do Paseo Fluvial*
- 13:30 h** Actuación escénico-musical. GRUPOS DE ARTEIXOGO DO PROGRAMA DE FAMILIAS | *Patio do Centro Interxeracional Balneario*
- 14:00 h** Celebración do Santo Sacramento do Bautismo | *Capela do Balneario*
- 14:30 h** Sesión vermú coa BULE BULE BAND: "Menudas Pezas" | *Praza do Balneario*
- 15:00 h** Xantar campestre | *Praza do Balneario e Paseo fluvial*
- 16:30 h** "Neofalante" con LUIS VALLECILLO: humor, cancións, bailes e xogos... toda unha festa en galego! | *Praza do Balneario*
- 17:00 h** Obradoiro infantil: "Un pazo con xardín" | *Paseo fluvial*
- 18:00 h** Teatro-animación "O loro Rodríguez". MELANDRAINAS | *Anfiteatro*

- 18:30 h** "A mocidade de verbena" coa BANDA DE MÚSICA SANTIAGO DE ARTEIXO e AC TROPICALIA. CCA. | *Patio do Centro Interxeracional Balneario*
- 22:00 h** "Cea baile 1900" amenizada pola orquestra ZONA CERO | *Pazo dos Deportes*
- 22:30 h** Concerto de AMOEBÓ. Deconstrución da verbena galega | *Praza do Balneario*
- 00:00 h** Concerto de BUDIÑO co novo disco "Branca Vela" | *Praza do Balneario*
- 01:30 h** Concerto da BANDA DE BALBINA | *Praza do Balneario*

DOMINGO • 20

- 11:00 h** Apertura do mercado 1900 | *Paseo fluvial e Praza do Balneario*
- Todo o día** Xogos populares. CCA. | *Avenida do Balneario*
- 12:00 h** Gran xincana infantil: "O misterio do pazo" | *Paseo Fluvial*
- Obradoiro para todas/os: bordado en papel. CCA. | *Praza do Balneario*
- 13:00 h** Actuación de música e baile tradicional: Xiradela de Romería no Pazo | *Anfiteatro*

- 14:00 h** Sesión vermú con CRIS REGUEIRO: "Libérome" | *Praza do Balneario*
- 15:00 h** Xantar popular | *Praza do Balneario e Paseo fluvial*
- 17:00 h** Torneo aberto de xadrez. CCA | *Praza do Balneario*
"Con lingua propia" de PETER PUNK, novo circo con humor, malabares... | *Anfiteatro*
- 17:30 h** Concerto de OS MELIDAOS; premio Martín Códax da música galega 2024 de música tradicional | *Praza do Balneario*
- 18:00 h** "Baile de acordeón" coa AC MARIANA | *Praza da Igrexa*
- 19:00 h** "Os Lavadoiros" coa AC FAÍSCAS | *Paseo fluvial*
- 20:00 h** Concerto de ARNELA. Novo grupo local de música folk | *A Capela*

SUXESTIÓNS

UTILICE O SERVIZO DE ALUGUER DE TRAXES:

Sala dos Espellos do Centro Cívico Cultural de Arteixo Manuel Murguía do **luns 14** ao **sábado 19** de outubro en horario de 11:00-14:00 e de 17:00-20:00. Devolución da roupa o luns 21 de 09:00-15:00 e de 16:00 a 20:00.

XORNALISMO DOUTRORA:

Actividade de difusión da **Feira Histórica** nos 2 sábados previos e no mesmo día. Rúas de Arteixo e Recinto feiral. CCA.

VISITE A EXPOSICIÓN:

Fotografías e obxectos antigos de AXPA, na Sala de Exposición do CCC de Arteixo "Manuel Murguía", do 11 ao 20 de outubro.

MERQUE AS ENTRADAS PARA A CEA 1900 (maiores de 12 anos):

Billeteira do CCC de Arteixo Manuel Murguía do **luns 14** ao **sábado 19** de outubro en horario de 11:00-14:00 e de 17:00-20:00 (o sábado esténdese ata ás 21:00 h no CCC e de 21:30 a 22:30 no Pazo dos Deportes).

DESFRITE DO MERCADO DA COLLEITA E DA TABERNA PICADILLO:

No campo da igrexa e Cúpula do parque central.